

## **XISS PRIVATIZA PARTE DO SERVIZO DAS UPI**

A Xerencia Informática da Seguridade Social, e concretamente as Unidades Provinciais de Informática, sofren a mesma carencia de recursos humanos que está a sufrir todo o resto de Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social. Agora a XISS está solicitando de forma urxente a todas as provincias que informen das necesidades de persoal que teñen para prestar un adecuado servizo nas UPI.

Pero a XISS non prioriza buscar cubrir todos os postos vacantes, ou xestionar co Ministerio a creación de novos postos, se fose necesario, para levar a cabos a novas tarefas encomendadas de atención á cidadanía no uso dos medios electrónicos da Seguridade Social.

A **CIG** tivo coñecemento de que A XISS prefire buscar traballadores dunha empresa privada, prefire investir os cartos en pagar a empresas privadas. A XISS prefire privatizar dando un paso máis nos servizos que deixan de prestar empregados públicos, que só teñen como obxectivo prestar o debido servizo público, para depender de empresas privadas, que priorizan o lucro económico.

Parte do bo servizo que prestan as UPI é consecuencia de que é un servizo prestado por compañeiros/as que coñecen o noso traballo. Ademais, a privatización de servizos informáticos co tempo pode desembocar en que o persoal propio da Seguridade Social perda habilidades sobre esas tarefas pasando a depender destas empresas privadas para prestar os servizos ordinarios.

A **CIG** está en contra da privatización de servizos que poden levar a cabo o noso propio persoal, porque este o prestaría cunha maior calidade e tamén dun xeito máis económico. A **CIG** aposta por emprego público e de calidade, non pola privatización para gastar os recursos públicos nun servizo privado dunha calidade cuestionable en moitos casos e máis caro que o público.

Ademais, o pasado día 17 de outubro celebrouse unha Mesa Delegada da Seguridade Social, onde a XISS estivo representada por dúas persoas, e onde non se dixo nin palabra de este asunto. Por iso, a **CIG** ven de solicitar a convocatoria extraordinaria dunha Mesa Delegada, como órgano competente para tratar as cuestións propias do ámbito da Seguridade Social. para que a Admón. dea as explicacións oportunas sobre este asunto.